

ACTA 2015-2

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO ORDINARIO
25 de Abril de 2015

Lugar

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

09:45

Hora de Finalización

10:30

Presidente: FRANCISCO RODRIGUEZ RODRIGUEZ

Secretario: LAURA FERNÁNDEZ PERMUY

Interventor: LAURA FERNÁNDEZ PERMUY

MEMBROS ASISTENTES

ALBERTO NUÑEZ ESTEVEZ

CAMILA DIEGUEZ ARIAS

JOSE LUIS GONZALEZ RODRIGUEZ

JOSE VAZQUEZ PEREZ

PILAR BARRUECO SALVADOR

SERVANDO PEREZ MATIAS

Pola Presidencia declarase aberta a sesión ao existir quorum suficiente e sendo a hora sinalada, pasase a tratar os seguintes asuntos, que conforman a orde do día e que foron legal e previamente notificados

ASUNTOS :

RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARACTER ORDINARIO DA SESIÓN.

O Sr Presidente, comunica que o Pleno , que en outras circunstancias, tería que terse celebrado en data 17 de abril de 2015, retrasouse ata o día do 25 de abril, tendo en conta, o específico e curto prazo estipulado para realizar o sorteo das mesas electorais, unificando ambos, en aras da eficacia, eficiencia e economía administrativa.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, fai lectura do escrito presentado no mesmo Pleno, que se recolle literalmente a petición da Sra concelleira:

"No estoy de acuerdo con la ratificación de carácter ordinario de de la sesión por los siguientes motivos:

1º.-No se me comunico en ningún momento del cambio de fecha del Pleno.

2º. Una vez puesta en contacto telefónicamente con la Sr. Secretaria me dice que el pleno se celebrará del 25 al 29 de abril debido a que son los días en los que se tiene que celebrar el sorteo de mesas para las elecciones municipales del 24 de mayo, le pido que sea el día 29. Debido a enfermedad grave de mi madre, (un ictus), me informa que será el día 25, sábado. No estando de acuerdo ya que tenía que desplazarme a Zamora para estar con mi madre esos días, me persone en la oficina del Sr. Alcalde para pedirle que el pleno se celebrará el día 29, y no el 25 por asunto familiar muy grave

explicándome mi situación, me contesta que el pleno se celebra el día 25, (entre otras cosas) me dice que si tengo enferma a mi madre que no baya al pleno, le recuerdo al Sr. Alcalde que en el pleno de fecha 18 de octubre de 2013, según consta en acta, se compromete a cambiar la fecha del un pleno, por una causa justificada, creo que no existe otra causa más justificada que una enfermedad muy grave de una madre; lo que demuestra con su actitud la poca humanidad y personalidad que tiene, pasando por alto los acuerdos plenarios.

Que consten en acta literalmente sin traducir."

O Pleno municipal, **por maioría absoluta** (seis votos a favor do grupo municipal PP e un voto en contra do grupo mixto) **dos membros da Corporación**, acordou ratificar o carácter ordinario da presente sesión, supletoria da que correspondería celebrar o día 17 de abril do ano en curso, ás 17:00 horas.

APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2015.

Téndose remitido ós Sres./as. concelleiros/as, a acta da sesión plenaria que tivo lugar o día 20 de febreiro de 2015, o Sr. Presidente, convida ós asistentes, a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ao texto proposto.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, fai lectura do escrito presentado no mesmo Pleno, que se recolle literalmente a petición da Sra concelleira:

"No apruebo el acta por no poder verificar que en realidad consta en ella lo leído por el Sr. Alcalde en contestación a mis preguntas del pleno anterior, debido a su negativa de entregarme copia de lo que estaba leyendo, a su deficiente lectura y negativa a volver a leerlo.

Que consten en acta literalmente sin traducir por lo que no la apruebo."

Non promovéndose máis debate, sometida a acta a votación, resultou aprobada por **maioría absoluta** (seis votos a favor do grupo municipal do PP e un voto en contra do grupo mixto) **dos membros presentes da Corporación**.

DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

Polo Sr. Presidente, dase conta ao Pleno, das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os días 17 de febreiro e 22 de abril (núm. 24-63), que estiveron a disposición dos membros do Pleno, ca demais documentación da convocatoria.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, fai lectura dun escrito presentado no mesmo Pleno e que se recolle literalmente, a petición da Sra concelleira:

"-DECRETO 25/2015.

Según ese decreto de liquidación del presupuesto, los remanentes de tesorería Importe año son de 683. 549,49, Euros, cuando en el acta de arqueo a 31-12-2014, son de 554.585,01, nos podría explicar a que se debe esa diferencia."

Toma a palabra o Sr. Alcalde e lle solicita a Sra. Secretaria- Interventora que o explique.

Concedida a palabra á Secretaria- Interventora, indica que se trata de dous conceptos distintos, xa que no remanente de tesourería se recolle o importe total de todos os datos da contabilidade ata o 31 de decembro de 2014, e nel se inclúen todos os dereiros pendentes de cobro e todas as obrigas pendentes de pago, mentres que na acta de arqueo, únicamente se recollen as existencias dos bancos e caixas. Continúa, sinalando algúns exemplos, como que a 31 de decembro, poden chegar escritos doutras administracións sobre subvencións nas que se reconece o dereito do cobro e que o ingreso da mesma se realiza no exercicio seguinte e tamén indica que a 31 de decembro, quedan recoñecidas algunhas obrigas, como por exemplo, as facturas nas que o seu pagamento non se realiza ata o ano seguinte e reitera, que se trata de dous conceptos distintos.

"DECRETO 46/2015. ADQUISICIÓN CAMIÓN.

Revisado el Pliego de Condiciones Técnicas para la adquisición de un Camión usado, 4 por 4 para el Ayuntamiento de Chandrexa de Queixa y recogida el vehículo existente, quiero preguntarle lo siguiente:

1º.- Cual es la diferencia de precio de comprar un camión usado o uno nuevo con estas características.

2º.- En Acople de elementos; consta que se acopla el equipo de motobomba existente en el camión a retirar.

No estoy de acuerdo en que se meta en un camión que se supone que está en buen estado una motobomba ya vieja, debido a la cantidad de averías de las motobombas, según mis informaciones."

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica, que a diferenza, é que un novo custa 210.000,00 € e un de segunda man 40.000,00 €, xa instaladado co que se aproveita.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, pregunta si se vai a acoplar os elementos usados do outro.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica que a cisterna, a motobomba e a plataforma son as mesmas.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, indica que a motobomba tivo avarías xa que o ano pasado houbo facturas da motobomba.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica que, é o camión o que ten as avarías e que por iso se saca a concurso o camión e se lle adjudicará, ao que oferte as mellores condicións e continúa decindo, que o novo camión xa ten unha garantía.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, indica que el verá si é axeitado meter unha motobomba vella nun camión novo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica que o camión que había, xa era de 1993 e xa se comprara de segunda man e xa se acoplara.

"DECRETO 53/2015.

Adjudicación de las obras de "Proxecto de acondicionamento do camiño no Concello de Chandrexa de Queixa (camiño de Celeiros A Espasa)".

Nos puede explicar si la empresa adjudicataria (COVIASSTEC, S.L.) es del mismo dueño que la empresa Benigno Álvarez, que es la que realizaba prácticamente todas las obras para este Ayuntamiento.

Que consten en acta literalmente sin traducir."

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica que sí, e que se lle adjudicou a esta empresa, porque se lle pediu ofertas a distintas empresas e esta foi a que presentou a mellor.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, indica que cheira mal que sempre sexa a mesma a empresa a adjudicataria.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica que o expediente está cuberto, continúa decindo, que se oferta a varias empresas e a que mellor oferta dá, é á que se lle adjudica.

SORTEO DAS MESAS ELECTORAIS DAS ELECCIÓNS LOCAIS 2015.

Por parte do Sr Presidente, se sinala que se vai a realizar o sorteo de designación dos membros das mesas electorais, a través do programa remitido pola OCE (Oficina do Censo Electoral). Se indica tamén, que vistas as opcións que ofrece o programa e tendo en conta o ocorrido noutras ocasións, procederá a sacar, o titular e dous suplentes máis tres suplentes máis, de reserva, para dar resposta inmediata á Xunta Electoral de Zona, no caso de que requiran novos titulares aos cargos.

Tras a realización do sorteo das mesas electorais ás 09:57 h, e estando todos os concelleiros municipais de acordo, o resultado, queda como se expón a continuación:

1.-Mesa A sita en Rabal

Presidente: Severino Dieguez González
1º Suplente: Roberto Álvarez Losada
2º Suplente: M.ª Cruz Álvarez Rodríguez

1º Vocal: Pedro Martínez Rodríguez
1º Suplente: Dolores González Rodríguez
2º Suplente: José Prieto Álvarez

2º Vocal: Javier Pérez Labrador
1º Suplente: Jaime Portal Martínez
2º Suplente: Marína Martínez Diéguez

2.-Mesa B sita en Celeiros

Presidente: Juan Castro Rodríguez
1º Suplente: Daniel Estévez Carballo
2º Suplente: Melaní Fernández Rodríguez

1º Vocal: Ana Isabel Camba Rivas
1º Suplente: Enrique Rodríguez González
2º Suplente: Gerardo González Lamelas

2º Vocal: José Pérez Pérez
1º Suplente: Noelia González Castro
2º Suplente: Fiz Álvarez Vasallo

Os tres suplentes máis, para o caso, de que se solicite pola Xunta Electoral de Zona, novos titulares aos cargos serán:

Mesa A sita en Rabal:

3º Suplente do Presidente: Natalia Núñez Estévez
4º Suplente do Presidente: Manuel Quintela Rodríguez
5º Suplente do Presidente: Rafael Fernández Carrasco

3º Suplente do 1º Vocal: Joaquín Núñez Lamas
4º Suplente do 1º Vocal: José Núñez Rodríguez
5º Suplente do 1º Vocal: Jesús Núñez Fermiñán

3º Suplente do 2º Vocal: Jesús Martínez Rodríguez
4º Suplente do 2º Vocal: Jesús Martínez Álvarez (excluído por cumprimento do art. 27.1 da LOREG)
5º Suplente do 2º Vocal: Jovita Carballo Carballo

Mesa B sita en Celeiros:

3º Suplente do Presidente: Nicolás Núñez Pérez
4º Suplente do Presidente: Valentín Rodríguez Martínez
5º Suplente do Presidente: Concepción Barja González

3º Suplente do 1º Vocal: Abelardo Carballo Rodríguez
4º Suplente do 1º Vocal: Delfina Gonzalez Labrador

5º Suplente do 1º Vocal: Tomás Labrador Gómez

3º Suplente do 2º Vocal: Mónica González Vasallo (excluída por cumprimento do art. 27.1 da LOREG)

4º Suplente do 2º Vocal: José González Carballo

5º Suplente do 2º Vocal: Amador Ares Ares

MANTEMENTO DOS REXISTROS CIVÍS.

Por parte da Sra. Secretaria - Interventora, dase conta ós membros asistentes, da Proposta da Alcaldía, do día 26 de marzo de 2015, que estivo a disposición de tódolos membros da corporación e da que seguidamente se transcribe literalmente o texto íntegro:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

POSIBLE PRÓXIMA SUPRESIÓN DOS REXISTRO CIVÍS

Que está previsto que con data 15/07/2015, entre en vigor a Lei 20/2011, de 21 de xullo, do Rexistro Civil, onde queda estipulado que: a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, será o centro directivo e consultivo do Rexistro Civil de España, pretendendo traspasar as funcións do Rexistro Civil, á cargo dos rexistradores da propiedade e mercantís.

Que sendo necesario loitar desde o Concello, en apoio ós veciños e como representantes destes, por manter presentes e activos, todos aqueles servizos que sexa posible, dentro do noso termo municipal, servizos dos que gozan tamén os cidadáns dos grandes concellos (non sendo menos, os habitantes das zonas rurais), este Concello, pola súa parte, levará a cabo todas aquelas actuacións, que se estimen oportunas, dirixidas a evitar a supresión do Rexistro Civil deste municipio.

Que a supresión dos rexistros civís, suporía obrigar ós cidadáns, a desprazarse ós escasos rexistros mercantís ou da propiedade, existentes, ou ás futuras Oficinas Xerais do Rexistro Civil, cuido emprazamento se descoñece, pero que por deducción, con toda seguridade, serían ubicadas nas capitais provinciais, o que suporía un gasto para os usuarios, non considerando (visto ó entorno no que nos desenvolvemos) como aliciente algún, a posta a disposición dos cidadáns, do acceso telemático, non sendo esta unha solución para a xente do rural, que ten unha idade avanzada, que ó seu pesar non conta cos coñecementos precisos para realizar ditas tramitacións, nin tampouco, na maioría dos casos, ca tecnoloxía necesaria para facer uso da plataforma informática, que supostamente se porá a disposición dos usuarios, valorando a maiores, que non está acreditado fidedignamente, que a expedición de documentos, non se atope gravada por algunha taxa, que implique un custo económico para os usuarios, entendendo, que tales tramitacións, deberían ser gratuítas, como foron ata a data.

Que no caso do municipio de Chandrexa de Queixa, e supoñemos, noutros moitos máis, a atención ó usuario do Rexistro Civil, é: adecuada, porque ó Xulgado de Paz, onde se atopa ubicado o Rexistro Civil, conta co material e co equipamento axeitado para atender o servizo do citado rexistro (material e equipamento que no seu día supuxo realizar a pertinente inversión económica); en máis dun caso, conta co apoio administrativo de empregados/as da administración local (funcionarios/as públicos/as) e ademáis, é inmediata, tendo en conta, que os usuarios que se personan nas citadas instalacións, reciben a documentación solicitada, no mesmo intre da súa solicitude (dubidando moito, que a transmisión do traballo do Rexistro Civil, sumada á carga laboral, que xa soportan os rexistros mercantís e da propiedade, faga viable, a atención inmediata e a emisión de documentación relativa ó Rexistro Civil, no momento da tramitación da pertinente solicitude por parte do usuario), supondo todo isto, un paso atrás, na prestación do servizo ós cidadáns.

Que en relación ós rexistro civís situados en grandes vilas ou cidades, esta modificación, suporá, unha reubicación dun importante número de persoal ou despido deste; peche e abandono de instalacións existentes, entendemos debidamente equipadas e adecuadas para a prestación do servizo; aglomeración deste persoal noutras instalacións puntuais, xa saturadas; importante incremento da carga laboral; demora na emisión de documentación; colapso administrativo;...

Polo que, Propoño que polo Pleno da Corporación se adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Solicitar ó Ministro de Xustiza, que manteña os rexistro civís, nos lugares onde a día de hoxe, se atopan ubicados, mantendo o servizo e as funcións rexistrais civís, no ámbito municipal (moito máis próximo ó cidadán e entendemos, máis áxil na tramitación), encomendando estes, ós Xulgados de Paz, ca intención de non prexudicar ós cidadáns, mantendo ó mesmo tempo, a gratuidade dos trámites administrativos, que nestes se levan a cabo.

Segundo: Remitir copia deste acordo, ó Ministerio de Xustiza e instar ó mencionado organismo, para que respete e manteña a ubicación e o servizo do Rexistro Civil neste municipio, tendo para isto, ó apoio e colaboración, que ata a data, se facilitou desde este Concello.

Terceiro: Remitir copia deste acordo ó Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, para que sexa da súa constancia e en apoio ó acordo institucional tomado pola citada Federación, con anterioridade.

Chandrea de Queixa, 26 de marzo de 2015"

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, fai lectura do escrito presentado no mesmo Pleno, que se recolle a petición da Sra concelleira:

"Estou totalmente de acordo neste punto, conte connigo para todo o que faga falta, espero que se fagan todas as presións que sexan necesarias para evitar a supresión do Rexistro Civil deste municipio. É outro desmantelamento máis do seu goberno para acabar canto antes coas zonas rurais, tendo en conta os antecedentes do Médico que tiñamos de apoio, o Colexio, a Caixa etc. Eu creo que vostede en vez de loitar, o único que vai facer, é, o que fai sempre tomar uns acordos, e nada máis."

Continúa preguntando se pensa facer algo máis.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica que sí, que vai facer outras cousas.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, indica que así sucedeu tamen ca caixa e que despois se pechou.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica, que agora ten un banco.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, indica que non ten un banco que o que ten é unha xerencia xa que non fai as tramitacións e remata decindo que non minta.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica que se somete a votación.

Non promovéndose máis debate, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por **unanimidade** (sete votos a favor do grupo municipal do PP e do grupo mixto) **dos membros presentes da Corporación.**

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO DO CONCELLO DE CHANDREXA DE QUEIXA RE. NÚM. 376 DO 31.03.2015: SUBVENCIÓN DO CONSUMO DE ENERXÍA ELÉCTRICA DE TODOS OS VECIÑOS EMPADROADOS NO CONCELLO.

Por parte da concelleira do Grupo Mixto, Sra. Barrueco Salvador, dase conta ós membros asistentes, da Moción presentada polo Grupo Mixto, do día 31 de marzo de 2015, que estivo a disposición de tódolos membros da corporación e da que seguidamene se transcribe literalmente o texto íntegro:

"SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANDREXA DE QUEIXA. OURENSE.

MOCIÓN

Pilar Barrueco Salvador, concelleira do PSOE, voceiro do grupo mixto do Concello de Chandrea de Queixa, (Ourense), ao abeiro do disposto no art.º 97/3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante ese pleno corporativo a seguinte,

MOCIÓN:

Segundo o orzamento para o ano 2015 aprobado inicialmente no pleno do o Concello de Chandrexa de Queixa, ten uns ingresos directos que ascenden a 340.420,83, euros, procedentes aproximadamente o 75% do IBI das centrais e encoros e dos parques eólicos (Producción de enerxía eléctrica) e tendo en conta ademais que as existencias a 31-12-2014 son de 554.585,01, euros pensamos que chegou o momento de que os poucos veciños que quedamos no Concello poidamos beneficiar directamente dos ingresos xerados polas centrais, encoros e parques eólicos, facendo que o Concello subvencione o consumo de enerxía eléctrica a todos os veciños, o que suporía segundo os meus cálculos un desembolso por parte do Concello duns 70.000,- euros anuais aproximadamente.

Por todo o cal a concelleira do PSOE, voceira do grupo mixto do Concello de Chandrexa de Queixa, formula a seguinte MOCIÓN, a fin de que o pleno se pronuncie sobre a mesma e adopte o ACORDO, de subvencionar o consumo de enerxía eléctrica a todos os veciños empadroados neste Concello. facendo súa a anterior declaración e expresando a súa vontade de afondar nos valores constitucionais da participación, o pluralismo e a tolerancia.

En Chandrexa de Queixa a 30 de marzo de 2015"

Concedida a palabra ó voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Núñez Estévez, indica que o grupo de goberno, pensa que dar a luz gratis, non é democrático, continúa decindo, que as persoas con necesidades, xa teñen un bono social e que non se pode dar luz gratis a todos, porque non é o mesmo ter contratado un quilovatio que ter un trifásico, nin é o mesmo unha persoa que aforra na luz, que unha persoa que malgasta a luz. Indica que esta moción se presenta agora, porque veñen as eleccións e que nela dí, que o custe para o concello é de 70.00,00 €, pero o custe de cada veciño, non se pode saber sen facer un estudo, continúa decindo, que dende o Concello sempre se axudou ás persoas, ben mediante o bono social o ben mediante outras axudas e reitera que é unha medida pouco acertada, xa que hai outras necesidades mais importantes. Recorda, que hoxe, existen outras medidas para aforrar no consumo de luz, como é a adquisición de electrodomésticos de baixo consumo e reitera que dende o Concello, non hai problema en axudar aos veciños que o precisen, pero que non se pode dar unha subvención, por igual, a unha persoa que cobra 2.000,00 € ou a outra persoa que cobra 400,00 €, porque non é democrático.

Concedida a palabra á voceira do Grupo Político Municipal Mixto, Sra. Barrueco Salvador, indica que esperaba que lle contestara o Sr. Alcalde polo que cre que se lle está dando a razón cando dí que o Sr. Alcalde xa non debe estar no posto de Alcalde e debe deixarlle o posto a outro, continúa decindo que non é unha medida oportunista porque ela xa a levaba no seu programa hai catro anos e que sí que fixo números. Reitera que esta medida xa foi no seu programa e indica que no Concello hai un desbalde de diñeiro, recorda que nos orzamentos pediu que se recollera unha partida para as persoas necesitadas e non se fixo pero sí que se recollen as partidas de produtividade, gratificacións, dietas... partidas que non teñen que ver coa xente. Repite que fixo números e lle propón o Sr. Alcade que vaia casa por casa e que faga números e que si non se levante do sillón e que se vaia e lle deixe o posto a outro.

Concedida a palabra ó voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Núñez Estévez, indica que o Concello sí que axuda aos veciños, recorda que se presta un servizo de transporte, aos veciños, cun prezo mínimo.

Toma a palabra a voceira do Grupo Político Municipal Mixto, Sra. Barrueco Salvador e indica que é ilegal.

Concedida a palabra ó voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Núñez Estévez, indica que o transporte non é ilegal, xa que que non cumpra o 100% dos requisitos é unha cousa e outra ben distinta, é que sexa ilegal, indica que cumpre os requisitos necesarios e que si ela cre que non está ben, debería denuncialo.

Toma a palabra o Sr Alcalde- Presidente e indica que o Concello axuda ás persoas, xa que se está a construír unha residencia e se dan alimentos.

Toma a palabra a voceira do Grupo Político Municipal Mixto, Sra. Barrueco Salvador e pregunta si a residencia vai ser gratuita.

Toma a palabra o Sr Alcalde- Presidente e pregunta que persoas hai desfavorecidas no Concello.

Concedida a palabra á voceira do Grupo Político Municipal Mixto, Sra. Barrueco Salvador, responde que non vai dar nomes.

Toma a palabra o Sr Alcalde-Presidente e indica, que por parte do Concello se presta o servizo de axuda no fogar, se dan alimentos e se axuda en todo, recorda que no servizo de axuda no fogar, se cobra, porque o exige a lei e que si se dá algunha subvención, a calqueira, dita subvención se ten que declarar a Facenda e iso lle afecta a calqueira, xa que a tería que declarar e ao mellor, se trata de xente que estaba exenta da declaración, e remata indicando que por lei, nos

orxamentos do ano, non se pode gastar máis do 1,5% do ano anterior e que por iso, non se pode gastar máis de 6.000,00 € sobre o gasto do ano anterior.

Concedida a palabra á voceira do Grupo Político Municipal Mixto, Sra. Barrueco Salvador e indica que non lle deu ningunha razón lóxica.

Toma a palabra o Sr Alcalde-Presidente e responde, que sí se lle deu.

Sometida a moción a votación, **non resultou aprobada** (un voto a favor do grupo mixto e seis votos en contra do grupo municipal do PP) **polos membros da Corporación.**

MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, fai lectura das preguntas presentadas no mesmo Pleno, por escrito e que se recollen literalmente a petición da Sra concelleira:

"Ruegos y preguntas:

PRIMERA.- Sr. Alcalde no sé si sabe el estado en que se encuentra el Gimnasio del Colegio, las paredes están todas agrietadas y llenas de humedad, los baños y el pasillo, con los azulejos en el suelo, las paredes exteriores también están deterioradas, ya me dirá si piensa arreglarlo, o esperar a que se caiga.

Que consten en acta literalmente sin traducir."

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica, que se vai a arranxar cando se poida.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, pregunta si non se arranxar.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica, que se vai a intentar e continúa decindo, que cre que entra no seguro.

Concedida a palabra á voceira do grupo político municipal mixto, Sra. Barrueco Salvador, indica que está abandonado e que se hai póliza e se está no seguro dene arranxarse.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e reitera que se vai a intentar arranxar.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión da que eu como Secretaria, dou fe.

O

Presidente

A Secretaria

Asdo. Francisco Rodríguez Rodríguez

Asdo: Laura Fernández Permy